

**A Delegación de Benestar Social, Emprego e Turismo
convoca
o
V Certame escolar de fotografía dixital e curtametraxes**

Día Internacional da Muller



Paula López Álvarez de Neira. Gañadora do ano 2011.

Bases do concurso

Co gallo da conmemoración do 8 de Marzo, Día Internacional da Muller, a Delegación de Benestar Social, Emprego e Turismo, promove o **V Concurso de fotografía dixital e curtametraxes** baixo o lema “**A túa mirada conta**”. Cremos que a diversidade de materias escolares e o propio currículo brindan un marco idóneo de traballo para poder desenvolver diferentes actividades en prol da igualdade real.

Neste edición buscamos que o alumnado a través de imaxes que reflectan *a súa propia mirada*, reflexione sobre a representatividade feminina na sociedade e a necesidade de seguir a impulsar e desenvolver relacións máis igualitarias no ámbito laboral, familiar e social.

Confiamos na capacidade que temos como sociedade de romper cos mitos e estereotipos e apostamos por este tipo de iniciativas, co apoio da comunidade educativa, como espazo de reflexión, encontro e debate; do que, de seguro, poden xerminar novos proxectos conxuntos.

I. Temática

Os temas das fotografías ou das curtametraxes, que no excederán os 10 minutos, versarán sobre algún dos seguintes aspectos:

- Valorización e visualización do papel da muller na sociedade actual.
- Mulleres representativas do noso ámbito.
- A corresponsabilidade no ámbito doméstico e familiar de homes e mulleres.

II. Participantes

Poderán participar no concurso todas as alumnas e alumnos dos centros educativos municipais que estean escolarizadas/os na educación secundaria obrigatoria, bachelato ou ciclos formativos, con idades comprendidas entre os 12 e 18 anos.

Só se poderá presentar tres obras por autor/a.

III. Obras

Os traballos que se presenten ao concurso deberán ser orixinais e inéditos, non premiados noutros concursos ou certames.

A técnica ou xénero da obra audiovisual é libre, se ben na fotografía, na montaxe ou curtametraxe deberá incluírse o lema do certame “8 de Marzo, día internacional da Muller: A túa mirada importa”.

Os/as participantes deberán explicar a motivación da elaboración da dita obra audiovisual.

Os traballos presentaranse acompañados dun sobre pechado, e no seu exterior indicarse o título outorgado a obra presentada. No interior, incorporarse a ficha de inscrición, segundo modelo que se achega. Son obrigatorios os seguintes datos: nome e apelidos do/a autor/a, idade, curso e centro educativo, enderezo particular, e teléfono de contacto.

No suposto de que opten por remitir as obras por enderezo electrónico, achegarán a ficha de inscrición cuberta cos seus datos, xunto coas imaxes ou a curtometraxe nun arquivo, e indicarán claramente o obxecto do seu correo, e a temática na que se encadra o traballo participante.

IV. Lugar e prazo de presentación:

Os traballos deberán entregarse no Centro de Información á Muller de Sarria (r/Matías López, 33 /Tfno.: 982 535061 de luns a venres en horario de 9 a 14h., no rexistro de entrada do Concello, ou ben no enderezo electrónico do servizo: cim@sarria.es. O prazo de entrega remata o vindeiro 15 de marzo ás 14 h.

V. Proceso de selección das obras premiadas

O xurado valorará os traballos presentados conforme aos seguintes aspectos:

- Calidade, orixinalidade e creatividade da obra
- Correspondencia coa temática e obxectivos do concurso, tendo en conta a idade das e dos participantes.

O ditame do xurado será inapelable e poderíase declarar deserto calquera dos premios do certame, se se estima que os traballos non acadan unha calidade mínima ou non abordan a temática proposta.

VI. Composición do xurado

O xurado será nomeado polo Sr. alcalde de Sarria. A resolución do xurado será comunicada na semana do 18-22 de marzo.

As obras premiadas quedarán en posesión da Delegación de Benestar social, que se reservará todos os dereitos de uso destas para futuras campañas de sensibilización.

VII. Premios

Establécense tres premios:

Primero premio: Cámara de fotos dixital.

Segundo premio: Un MP4.

Terceiro premio: Vale de 50€ en material escolar.

VIII. As obras gañadoras poderanse utilizar para o deseño do calendario anual do Centro de Información á Muller e para a edición de carteis e outros materiais publicitarios que o Concello de Sarria no marco desta o outras datas realice. Todas as obras premiadas quedarán en propiedade desta entidade Local, que poderá reproducilas libremente, sen que tal reprodución xere dereito algún.

Así mesmo a Delegación de Benestar Social resérvase o dereito de engadir nestas unha franxa co logotipo do Concello de Sarria e do CIM.

Os premios serán entregados no marco do programa de actividades que se desenvolvan co gallo da conmemoración do Día Internacional da Muller.

IX. A participación neste concurso implica a total aceptación das presentes bases. De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais que se nos facilitan serán tratados coa finalidade de participar no certame. O Concello de Sarria poderá facer públicas as obras presentadas, con indicación do nome do seu autor/a. Para o exercicio dos seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición deberá dirixirse ao responsable do ficheiro, Concello de Sarria, a través do Centro de Información á Muller: cim@sarria.

X. O Centro de Información á Muller porá o máximo esmero no tratamento do material recibido.

XI. O xurado poderá resolver aquelas situacións non contempladas nas presentes bases, así como aquelas dúbidas que xurdan na súa interpretación.